Socialistas de Lugo

NOTA DE PRENSA

O PSOE de Vilalba apoiará a cacerolada organizada polos usuarios do Auditorio, xa que o edil de Cultura "non defendeu os intereses do Concello e si os da empresa construtora"

Anuncian que participarán na mobilización co obxectivo de que "dunha vez por todas, o Alcalde asuma a súa responsabilidade e as competencias do concelleiro responsable, pois está suficientemente probada a neglixencia cometida nesta área de goberno"

Hai un ano, os socialistas, ante o acuciado deterioro destas instalacións públicas, pediron o expediente de obra, pero José Mª García-Leira ocultou a relación contractual que ten coa construtora dende maio de 2007; o que evidencia "a grave irresponsabilidade" na que incurriu o Partido Popular que tivo tempo dabondo para demandar á empresa as responsabilidades oportunas que garante o Código Civil

Tendo en conta que o presidente deste Partido en Vilalba votou en contra da emenda presentada polo PSOE aos orzamentos de 2014, para incluír a dotación presupostaria para o arranxo da instalación pública, consideran que o deputado autonómico "non só debera de pedir perdón por tal feito ós veciños, senón que debera de marcar o arranxo como un verdadeiro *casus belli* no seu quefacer político. Xa é hora de que demostre que vai a Santiago a algo máis que a levantar a man e a cobrar dietas, afirman

VILALBA, 26 DE FEBREIRO.- Os socialistas de Vilalba apoiarán decididamente a movilización organizada polos usuarios do Auditorio municipal prevista para mañá xoves, ás 20:30 horas diante a Casa do Concello, co obxectivo de que "dunha vez por todas, o Alcalde asuma a súa responsabilidade e as competencias da concellería de Cultura", pois, consideran,"está suficientemente probada a neglixencia cometida nesta área de goberno, xa que o edil responsable non defendeu os intereses do Concello e si os da empresa que participou na construción destas instalacións públicas".

Hai un ano, os socialistas, ante o acuciado deterioro que presentan as dependencias municipais, e logo de que a parte do teito que afecta ao conservatorio de música se viñese abaixo, solicitaron ao Goberno local o expediente de obra para propoñer medidas que permitisen atallar o problema. Para este grupo político era de xustiza que o Rexedor e o concelleiro responsable desen explicacións sobre as consecuencias que provocaron o derrube, así como a humidade existente, xa que esta infraestrutura, que foi deseñada polo arquitecto César Portela e inaugurada en 1997, supuxo para as arcas públicas da Xunta un cuse de 1.300 millóns das antigas pesetas, é dicir, 7,8 millóns de euros.

O resultado da petición dos socialistas foi que o edil de Cultura – José María García-Leira- ocultou a relación contractual que ten coa construtora dende maio de 2007, e que se demostra no feito de que a Xunta de Goberno local aprobou, en varias ocasións, tanto obras como o pagamento de diversas facturas a tal entidade; o que evidencia, subliñan, "a grave irresponsabilidade" na que incurriu o Partito Popular que tivo tempo dabondo para demandar á empresa as responsabilidades oportunas que garante o Código Civil, pois esas garantías veñen perfectamente reflectidas no artigo 1591 desta normativa, e tamén na profusa xurisprudencia que protexe ao contratante cando menos durante os dez primeiros anos fronte aos defectos de construción que poden incidir na funcionalidade e habitabilidade do edificio.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

PSG PSOE

www.psoeprovincialdelugo.com
www.facebook.com/psoeprovinciallugo
www.twitter.com/PsoeLugo

NOTA DE PRENSA

O PP oponse ó seu arranxo

A petición do Grupo Municipal Socialista, no Parlamento de Galicia, o PSOE mediante unha das emendas aos orzamentos de 2014, solicitou a dotación presupostaria para o arranxo da instalación pública. Esta iniciativa, nº 127, encadrada na sección 7, foi rexeitada polos 41 votos do Partido Popular. Isto non tería relevancia en Vilalba, aseguran os socialistas, "de non ser porque o deputado, concelleiro e presidente do PP vilalbés –Agustín Baamonde- tamén rexeitou a iniciativa que presentamos".

Constitúe este proceder, subliñan, "unha demostración máis do pouco que lle importan ao deputado os asuntos que verdadeiramente son de interese para o noso Concello". Por este motivo, consideran, "non só debera de pedir perdón por tal feito ós veciños, senón que debera de marcar o arranxo do Auditorio como un verdadeiro *casus belli* no seu quefacer político diario. Xa é hora de que demostre que vai a Santiago a algo máis que a levantar a man e a cobrar dietas", afirman.